



CONCELLO A GUARDA

(CONTINUADA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 15 DE DECEMBRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día 15 de decembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretario Actal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES (ORD. 15.11.2016 E EXTRAORD. URXENTE 24.11.2016)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 15 e 24 de novembro ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada unha.

PUNTO 2.- CUOTAS PRAZA DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de NOVIEMBRE de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 3.- INFORMES XURÍDICOS

Dáse conta do escrito do asesor xurídico municipal de data 30 de novembro de 2016 comunicando a sentenza ditada o 9 de novembro de 2016 pola Sala do Contencioso-administrativo do TSXG nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 7812/12 entablado por D. Generoso Ameal Pacheco contra a resolución presunta do Concello da Guardae da Xunta de Galicia desestimatorias das reclamacións de responsabilidade patrimonial presentadas polo demandante pola anulación de licenza de obras para vivenda unifamiliar na suma de 944.706,12 euros máis intereses.

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada do contido da sentenza que se comunica dando traslado da mesma á Oficina Técnica Municipal para a súa constancias no expediente así como o departamento de intervención e tesoureiría. A Xunta de Goberno Local acorda tamén notificar dita sentenza á Entidade



CONCELLO A GUARDA

Aseguradora Generali comunicándolle que debe abonar a suma de 141.143,05 euros no prazo de dous meses, según sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra do 29.10.2015, non obstante acorda instar ó órgano competente para que ordene ós departamentos de Intervención e Tesoureiría o pago de dita suma para evitar maiores prexuízos, toda vez que a Entidade Aseguradora está rechazando ditos pagos.

Dase conta do escrito da asesor xurídico do Concello de data 23 de novembro de 2016 comunicando a sentenza ditada o 13 de outubro de 2016 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG nos autos do recurso de apelación nº 4320/16 entablado polo Concello da Guarda contra o auto ditado polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra o 15/03/2016 na peza de execución de sentenza nº 38/2009 dimanante do recurso contencioso-administrativo nº 105/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a Poallo, S.L.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente así como entablar recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

PUNTO 4.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS

Lese o escrito RE. n.º 7.217 de data 16 de novembro de 2016 presentado por D^a. A.A.C.R., con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 75-1ºF da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Concepción Arenal, nº 75-1ºF.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder o solicitado

Lese o escrito RE. n.º 4.822 de data 27 de xullo de 2016 presentado por D. C.C.C., con enderezo na rúa Carretera do Molino, nº 17 da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo para o obxecto tributario sito na rúa Carretera de Camposancos, nº 17.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder o solicitado

Lese o escrito RE. n.º 6.175 de data 28 de setembro de 2016 presentado por D^a. M.A.S.I., con enderezo na rúa Manuel Rodríguez Sinde, nº 1-Atico Dereita da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Manuel Rodríguez Sinde, nº 1-Atico Dereita.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.



CONCELLO A GUARDA

Lese o escrito RE. n.º 6.670 de data 21 de outubro de 2016 presentado por D^a. C.D.G., con enderezo na rúa 2^a Transv. Aloqueiro, n.º 17 da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 2^a Transv. Aloqueiro, n.º 17.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder o solicitado

Lese o escrito RE 6.796 de data 27 de outubro de 2016, presentado por D^a. M^a. L. M.P., actuando en representación de D. J.M.M.F., con enderezo na Rúa Pontevedra, n.º 1-2^oC da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Pontevedra, n.º 1-2^oC.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1^o trimestre do ano 2017 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4^o trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.873 de data 2 de novembro de 2016, presentado por D. S.V.P., con enderezo na Rúa Carreira, n.º 1 da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Carreira, n.º 1.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1^o trimestre do ano 2017 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4^o trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.015 de data 21 de setembro de 2016, presentado por D^a. M^a.G.L.V., actuando en representación de D. R.B.P., con enderezo na Rúa 1^a Transv. Bechos, n.º 18-1^oA da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario 1^a Transv. Bechos, n.º 18-1^oA.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2^o trimestre do ano 2017 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1^o trimestre de 2018 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

PUNTO 5.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 7.221 de data 16 de novembro de 2016, presentado polo CLUBE DE BALONMANO ATLÉTICO GUARDÉS, con enderezo social na rúa Paseo de Portugal, s/n de A Guarda, xuntando informe pericial e manifestando a súa preocupación polo estado no que se atopan as instalacións do Pavillón Municipal de A Sangriña e solicitando que se realicen as actuacións necesarias para evitar que se produzan incidentes no mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Equipo de Goberno comparte a preocupación da Xunta Directiva do Clube Atlético Guardés polo estado do



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

pavillón e que vai remitir os informes periciais á Consellería de Industria para que informen sobre as actuacións a levar a cabo nas instalacións.

Lese o escrito RE 7.480 de data 30 de novembro de 2016, presentado por D. JOSÉ ANTONIO TRINIDAD RODRIGUEZ, en representación de U.D. A Guía Guardesa, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Rosal-Sucampo, nº 8 de A Guarda, solicitando que se lles habilite un espazo baixo as gradas do estadio para utilizalo como almacén.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que en canto haxa dispoñibilidade atenderase a súa petición.

Lese o escrito RE 7.489 de data 30 de novembro de 2016, presentado por D. SAMUEL POUSADA SOAJE, en representación de Federación de Empresarios de Salas de Fiesta, Baile y Discotecas de Galicia, con enderezo social na rúa Mendez Núñez, nº 27 de Cangas do Morrazo, solicitando que se aprobe un Plan de Seguridade Municipal Navideño para detectar e prohibir a celebración de actividades de carácter festivo que non dispoñan de autorización.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.366 de data 24 de novembro de 2016, presentado por D. JOSÉ ALBERTO GONZALEZ VICENTE, en calidade de administrador do Edificio da rúa Manuel Rodriguez Sinde, nº 5 da Guarda, solicitando que se tomen medidas para evitar os problemas que sufren os veciños dese edificio para entrar e saír do seu garaxe debido ó mal estacionamento de vehículos na rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se enviará á Policía Local para que realice un informe sobre o problema plantexado.

Lese o escrito RE 7.363 de data 24 de novembro de 2016, presentado por DNA. CARMEN ALVAREZ GONZALEZ, en representación de ASOCIACIÓN GUARDESA DE EMPRESARIOS, con enderezo na rúa Galicia, nº 53 da Guarda, solicitando autorización para realizar un evento o día 15 de xaneiro de 2017 na Alameda.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado comunicándolle que deberán proceder á súa limpeza ó remate do mesmo.

Lese o escrito RE 7.304 de data 22 de novembro de 2016, presentado por DNA. TERESA ALVAREZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Pontevedra, nº 1-3ª da Guarda, solicitando que se realice unha inspección sobre as licenzas de vado do municipio para evitar agravios comparativos e que se cumpla escrupulosamente coa ordenanza.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se fará chegar a denuncia á Policía Local para que informe sobre o problema denunciado no escrito e adoptar, en consecuencia, as medidas necesarias.

Lese o escrito RE 7.749 de data 14 de decembro de 2016, presentado pola SOCIEDADE ATLÉTICA DO TREGA, con enderezo na rúa Couto, nº 19 da Guarda solicitando a colaboración do Concello para levar a cabo unhas carreiras populares o día 24 de decembro pola zona do porto e paseo marítimo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado na medidas das posibilidades do Concello.



CONCELLO A GUARDA

(CONTINUACIÓN)

PUNTO 6.- CAMBIO DE FINALIDADE DE SUBVENCIÓN

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2016 se solicitou unha subvención ó abeiro do Plan Concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra para a finalidade “AFORRO ENERXÉTICO ALUMEADO PÚBLICO”,

Visto que por acordo da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de data 13 de setembro de 2016 aprobouse a concesión de dita subvención polo importe de 13.084,25 euros

Visto que, segundo a base décimo cuarta das bases reguladoras do Plan Concellos 2016, “unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvencións e sempre e cando no se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar o cambio ou modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, xustificando por escrito as causas que a fundamentan e axeitándose ó establecido nas distintas normas desta convocatoria”

Visto que a execución deste proxecto estaba condicionada á concesión de dúas subvencións: á solicitada á Deputación Provincial e á solicitada á Consellería de Economía, Emprego e Industria e, resultando que foi denegada a axuda solicitada ó organismo autónómico.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, ACORDA modifica-la finalidade da subvención concedida destinándoa ó obxecto ELEMENTOS DE SERVIZOS URBANOS é consecuentemente modificar o acordo de solicitude de subvención de data 24 de febreiro de 2016 de tal xeito que a súa redacción definitiva sería a seguinte:

Vistas as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 233 de 2 de decembro de 2015, e dentro da liña 3 de dita convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “ELEMENTOS DE SERVIZOS URBANOS”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado ELEMENTOS DE SERVIZOS URBANOS.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 13.084,21 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

Sendo as once horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.